



SOLICITUDES E DOCUMENTACIÓN

FORMA DE PRESENTACIÓN DE SOLICITUDES:

- Cubrir a solicitude informaticamente e asinala en [Sede Electrónica](#) (é necesario dispor de Chave 365 ou certificado dixital).

<https://sede.xunta.gal/detalle-procedemento?codtram=ED550B&ano=2018&numpub=1&lang=es>

- Cubrir a solicitude informaticamente a través da aplicación [AdmisiónAlumnado](#) e presentala asinada de xeito manual no centro.

<https://www.edu.xunta.es/admisionalumnado/>

- Cubrir a solicitude manualmente e presentala asinada presencialmente na secretaría do centro (en horario de 9:15 a 11:00).

DOCUMENTACIÓN A APORTAR XUNTO COA SOLICITUDE:

1. Solicitude de admisión (Anexo II).
2. Fotocopia do Libro de Familia ou documento acreditativo da idade do/da alumno/a (no caso de non posuír Libro de Familia).
3. Certificado de matrícula expedido polo centro no que cursa estudos actualmente no caso de solicitar a reserva para un curso académico que así o requira.
4. En caso de separación ou divorcio, fotocopia da resolución xudicial ou convenio regulador onde conste a custodia do/da menor e sinatura de ambos proxenitores.

NOTA: Para a valoración da renda terase en conta a declaración da renda correspondente ao exercicio fiscal do ano 2020. Os interesados que desexen cubrir esta casiña farán constar a suma da base imponible xeral (435) máis a base imponible de aforro (460) en caso de declaración conxunta ou, se é o caso, a que resulte da suma das mesmas casiñas nas declaracións individuais dos distintos declarantes da unidade familiar, dividido entre o número de membros da mesma.

INFORMACIÓN IMPORTANTE A TER EN CONTA

1. UNHA ÚNICA SOLICITUDE

Presentarase **unha única solicitude** no centro no que solicite praza en primeiro lugar na que se incluíra unha relación, por orde de preferencia, de todos os centros nos que solicita praza. No caso de presentar máis dunha solicitude, perderanse os dereitos de prioridade que poidan corresponderlle e procederase á súa escolarización ao final do proceso.

2. COMUNICACIÓN AO CENTRO DE ORIXE

O alumnado que ten garantía de permanencia nun centro, se presenta solicitude de admisión noutro distinto, DEBERÁ COMUNICALO, AO MESMO TEMPO, AO CENTRO DE ORIXE.

3. COMUNICACIÓN DA RENUNCIA Á RESERVA DE PRAZA

O alumnado que ten reservada praza nun centro, se presenta solicitude de admisión noutro distinto, deberá comunicar a renuncia á reserva antes do inicio do prazo de presentación de solicitudes de admisión.